



# FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL SALA

## DELEGACIÓN DO VAL MIÑOR



Tel./fax 986367669 e 629648985 – San Roque, 43 Camos – Nigrán – C. P.. 36360 – G-15/125206

Páxina web: [www.nigran.org/fsminhor](http://www.nigran.org/fsminhor) correo electrónico: [fsvm@nigran.org](mailto:fsvm@nigran.org)

### NORMAS DE RÉXIME INTERNO NA DELEGACIÓN DE FÚTBOL SALA DO VAL MIÑOR 2007/08

---

#### ENTRENADORES

Tódolos equipos deberán ter entrenador titulado.

#### ASCENSOS

Participará no torneo de campeóns locais da provincia de Pontevedra, o equipo que no inicio das eliminatorias se encontre nese intre no primeiro posto.

Ascende a provincial o equipo campeón.

#### ECONOMÍA

Os equipos, antes de iniciar a 2ª volta sábado día 9 de febreiro, deberán completar a fianza, ingresando na conta da Federación o importe das sancións co que foi castigado ata ese momento, no caso de non facelo, non se lle designará arbitro para o seguinte encontro, dándoselle por perdido co resultado de 3-0, de manterse así á 22ª xornada será excluído de competición.

O equipo que sexa sancionado economicamente cun importe superior ao da súa fianza, fará o ingreso nun prazo máximo de 15 días, a partir deles, non se lle designará arbitro e terá o encontro perdido co resultado de 3-0, de manterse así tres xornadas despois da comunicación da súa sanción, será excluído de competición.

#### ALTAS

Para dar de alta un novo xogador, presentarse na Delegación a ficha cuberta coas tres fotografías, fotocopia do D.N.I. e o resguardo de ingreso na conta da Federación do importe da ficha.

#### FUNCIÓNS DOS DELEGADOS

**PRIMEIRO** : Darase a coñecer ao arbitro e delegado do equipo contrario e porase a disposición de ámbolos dous co obxecto de levar a bo fin o encontro.

**SEGUNDO** : Entregará as fichas regulamentarias e o número de dorsal correspondente a cada un dos xogadores do seu equipo ao arbitro 15 minutos antes do encontro. Porá a súa disposición o balón OFICIAL TOP LINE TABELIROS en condicións de uso correcto para a súa utilización.

**TERCEIRO** : Farán firmar a acta correspondente do partido ao capitán antes do seu comenzo.

**CUARTO** : No caso de incidentes, o delegado, será o responsable da protección do arbitro e do equipo contrario.

**QUINTO** : Será o responsable de que os seus xogadores manteñan un comportamento deportivo e correcto en todo momento.

## **FUNCIÓNS DOS CAPITÁNS**

**PRIMEIRO** : Deberá levar como identificación un brazaletes ben visible que o distinga dos seus compañeiros.

**SEGUNDO** : A súa misión será representar aos seus compañeiros dentro do terreno de xogo.

**TERCEIRO** : Durante o transcurso do encontro será o único xogador que poderá dirixirse ao árbitro para solicitar deste algunha información ou aclaración, cando esta sexa necesaria, e sempre en termos corteses. Ningún outro xogador poderá dirixirse ao árbitro.

**CUARTO** : Terán ademais, o deber de procurar que os seus compañeiros observen en todo momento a corrección e deportividade obrigada, repreendendo aos que así no o fixeran.

**QUINTO** : Farán cumprir as decisións do árbitro, colaborando no labor deste.

**SEXTO** : Firmarán a acta antes do inicio do encontro.

## **FUNCIÓNS DOS XOGADORES**

**PRIMEIRO** : Deberán manter un comportamento deportivo e correcto en todo momento.

**SEGUNDO** : Non poderán dirixirse ao árbitro no transcurso do encontro, descanso e fin do mesmo, xa que esa é función do capitán e delegado.

**TERCEIRO** : No banquiño deberán absterse de animar, dirixir ou facer calquer tipo de comentario ao árbitro ou rivais.

**CUARTO** : Os canbeos faranse dentro dos dous metros e medio a un lado ou outro da liña divisoria do medio campo, según onde teña o seu banquiño os suplentes, non entrando na cancha ate que o seu compañeiro teña saído dela. Tras o descanso os equipos cambiaranse de banquiño.

**QUINTO** : O xogador que estando lesionado (baixa con parte médico) ou cumprindo unha sanción federativa, no caso de xogar e resultar lesionado, a compañía de seguros non asumirá a atención médica.

O xogador que no transcurso do encontro se lesione, deberá comunicarllo ao árbitro, para que este faga constar na acta a lesión e as causas que a motivaron, acudindo a continuación á Delegación da Federación, para que o delegado lle estenda o parte correspondente.

## **PUNTUACIÓN E SANCIÓN PARA A DEPORTIVIDADE**

En caso de empate ao trofeo da deportividade, se lle entregará ao equipo mellor clasificado.

O equipo gañador do trofeo á deportividade, se tivera un comportamento notoriamente antideportivo no transcurso da copa, perderá o citado trofeo pasando este ao 2º mellor clasificado.

**FALTAS** : Cada falta contabilizará cun punto á deportividade.

**TARXETA AMARELA** : 25 puntos e sanción de 3 euros. Doble tarxeta amarela no mesmo partido, 6 euros de multa e 70 puntos á deportividade.

**TARXETA AZUL** : 70 puntos e sanción de 6 euros, máis 25 puntos por cada partido de sanción e 6 euros de multa por cada partido até un máximo de 4 partidos. Pasando de 4 partidos a sanción se incrementará en 6 euros por cada mes de sanción.

**TARXETA VERMELLA** : 500 puntos e sanción de 10 euros, a sanción deportiva que corresponda e máis 25 puntos por cada partido de sanción e 6 euros de multa por cada partido até un máximo de 4 partidos. Pasando de 4 partidos a sanción se incrementará en 6 euros por cada mes de sanción.

**NON PRESENTAR BALÓN OFICIAL OU PRESENTALO DEFECTUOSO:** 5 euros de multa, dúplícase a sanción cada vez que se incumpla a normativa.

**NON LEVAR O BRAZALETE O CAPITÁN** : 3 euros de multa e dúplícase a sanción cada vez que se incumpla a normativa.

**COMENZAR O PARTIDO CON RETRASO** : 25 puntos a deportividade ao equipo culpable do retraso e 6 euros de multa.

**NON FIRMAR A ACTA DO ENCONTRO O CAPITÁN** : 3 euros de multa.

**ANOMALÍAS NO EQUIPAMENTO** : (dorsais, color,...) 5 euros cada xogador a 1ª vez, dúplícase cada vez que se incumpla a norma e a 3ª vez, o xogador terá un partido de sanción, 25 puntos á deportividade e 6 euros de multa a maiores.

O equipo visitante que coincida na vestimenta co equipo locatario no momento de disputar o encontro e non dispoña da segunda equipación, se lle dará o partido por perdido co resultado de 3 - 0, 50 puntos á deportividade e 15 euros de multa, así mesmo se sancionará ao delegado do equipo infractor cunha sanción de dous partidos, 30 puntos á deportividade e 15 euros de multa.

**NON PRESENTAR AS FICHAS** : 5 euros de multa.

**ASUMIR FUNCÍONS DE ENTRENADOR SEN TER A TITULACIÓN NECESARIA:** se sancionará economicamente con multa de 3 euros a 1ª vez, duplicándosele en caso de reincidencia.

**NON TER OS 5 XOGADORES SUFICIENTES PARA XOGAR O ENCONTRO**

**1ª VEZ** : 100 puntos á deportividade e 45 euros de multa, perda do encontro por 3-0; de ser partido de copa quedará eliminado da mesma.

**2ª VEZ** : 200 puntos á deportividade e 55 euros de multa, perda do encontro por 3-0; de ser partido de copa quedará eliminado da mesma.

**3ª VEZ** : Será dado de baixa da competición, coa perda da Fianza e tódolos dereitos sobre a mesma.

**NON PRESENTARSE A XOGAR O ENCONTRO**

**1ª VEZ** : 200 puntos á deportividade e 50 euros de multa, pagará o aluguer da pista, aínda sendo equipo visitante. Perda do encontro por 3 - 0, se lle descontarán 3 puntos á clasificación xeral, de ser partido de copa quedará eliminado da mesma.

**2ª VEZ : 300 puntos á deportividade e 60 euros de multa, pagará o aluguer da pista, perda do encontro por 3 - 0 e se lle descontarán 3 puntos á clasificación xeral, de ser partido de copa quedará eliminado da mesma.**

**3ª VEZ : Será dado de baixa da competición, coa perda da Fianza e todo os dereitos sobre a mesma.**

## **RECURSOS**

**Cando se recurra un encontro, o recurrente deberá acompañar o recurso co resgardo do ingreso na conta da Federación de 30 euros en concepto de fianza; se o Comité de Competición, resolve a favor do recurrente, a fianza lle será devolta integramente, no caso de perder o recurso, perde a fianza.**

**NOTA: Todo os encontros deberán comezar á hora reseñada, tras cinco minutos de espera, daráselle o encontro por perdido ao equipo culpable do retraso e aplicaráselle a sanción de non reunir os cinco xogadores mínimos.**

**O Secretario,**

**Nigrán a, 7 de setembro do 2.007**